



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA  
DO CONSELLO SOCIAL DO 20.12.2021**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 20.12.2021

**HORA DE COMEZO:** 11:30 h.

**HORA DE REMATE:** 12:35 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Raquel María Souto García

José María Martín Moreno

Emilio Fernández Zunzunegui

Jesús Graña Nogueiras

Antonio Macho Senra

Rosa María Sánchez Gándara

Secretario: Ignacio Rodríguez Iglesias



O luns, día 20 de decembro de 2021, ás 11:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23.06.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2022, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
4. Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2022. Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
5. Informe sobre a proposta de eliminación do prezo público por anulación de matrícula en titulacións oficiais da UVigo (Comisión Económica do Consello Social do 23.06.2021).
6. Avance do Orzamento do Consello Social para 2022.
7. Informe sobre a Oferta de Emprego Público do PAS da UVigo para o ano 2021.
8. Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns ás tres universidades", recibida en Pleno de 29 de xullo de 2021.
9. Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado".
10. Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos para investigación ao grupo COM da Universidade de Vigo.
11. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo nos meses de outubro e novembro de 2021.
12. Rogos e preguntas.

---

*Primeira sesión que se celebra baixo a presidencia de Juan M. Vieites, quen, debido a compromisos ineludibles en Ourense á hora da reunión na súa condición de presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, se achega con antelación para ser informado polo vicerreitor de Economía e o secretario do Consello Social dos asuntos a tratar. Posteriormente, no seu lugar, e de xeito excepcional, por primeira vez, asume a dirección da sesión desta comisión Ernesto Pedrosa, quen agradece a asistencia dos presentes e dá a benvida a Rosa M<sup>a</sup> Sánchez. Asiste como invitado o director de Administración da UVigo, Rodrigo Cerviño.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23.06.2021).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Salienta Ernesto Pedrosa a transcendencia dos asuntos recollidos na Orde do día, e aproveita a súa presenza para valorar o traballo e a contribución que está a facer a Comisión nas competencias que lle son propias e que constitúen un dos piares básicos da actividade do Consello Social.



### **PUNTO 3**

*Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2022, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.*

Explica o vicerreitor de Economía este punto, subliñando que non se establece un método de cálculo, polo que se terá en conta o límite porcentual aprobado pola Xunta de Galicia no Parlamento, que establece un crecemento do teito de gasto nun 6% do PIB, debendo ter en conta, así mesmo, o novo Plan de financiamento do SUG para 2022-2026 e os fondos finalistas acadados pola UVigo. Sobre esa base, solicítase a aprobación do teito de gasto non financeiro para 2022 por importe de 164.467.978,32 €, que, tal e como establece a normativa, non poderá ser excedido. No mesmo documento que se achega, propónse un orzamento de 198,67 millóns de euros para o exercicio 2022.

- ***A Comisión ACORDA elevar informe favorablemente ao Pleno.***

### **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2022. Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

José M<sup>a</sup> Martín Moreno, vicerreitor de Economía, sitúa un escenario orzamentario que se enmarca no Plan de financiación do SUG para o período 2022-2026, cunhas estimacións de que as aportacións medren un 4,6% respecto ao ano anterior, e incluíndo a subida salarial do 2% do próximo exercicio.

Martín Moreno presenta un orzamento de ingresos por valor de 198.676.372 €, un 7,6% máis respecto de 2021. Fundamenta este importe no incremento dos fondos derivados do Plan de financiamento, no incremento dos fondos para investigación e infraestruturas científicas e polo convenio de I+D+i coa Xunta de Galicia. O orzamento non afectado para 2022 en comparación con 2021 aumenta en 4.7 millóns de euros, o que representa un 3,16% de crecemento.

Subliña que a UVigo disporá en 2022 do orzamento estrutural máis alto da súa historia, "que confirma a senda de estabilidade da institución e a súa capacidade de funcionamento", ademais de permitir o avance nas liñas estratéxicas "centradas nas persoas".

O vicerreitor destaca que á cantidade total aínda haberá que engadir outras partidas pendentes de confirmar pola UE e que non serán inferiores aos 7 millóns de euros, "polo que o montante total de ingresos poderá superar os 200 millóns de euros".

Destaca de seguido, e aclara, o incremento e a redución de ingresos en determinados capítulos, e a porcentaxe de cada capítulo no orzamento total de ingresos.

No apartado de gastos sinala que o capítulo I segue a ser a principal partida, con un 61,5% do orzamento total e un importe de 122,36 millóns de euros, moi superior a exercicios precedentes a causa do incremento salarial do 2%, os sexenios de transferencia e ao abono total do complemento específico de pagas extras do PDI.

Entre outros, no tocante ao capítulo II, refire que servizos e subministracións suben por debaixo do IPC ("o que amosa unha política eficiente na contención de gastos"). No capítulo III apunta a baixada do 42%; e no capítulo IV, de transferencias correntes, unha subida do 12,67%.

Remata Martín Moreno dicindo que este orzamento "do último ano de mandato" concorda cos anteriores no obxectivo de cumprir o programa electoral, apostando e priorizando o gasto en persoal, para cumprir compromisos e avanzar noutros. Cualifica o documento orzamentario para 2022 como un ciclo ao que a UVigo chega con contas saneadas e cumprindo todos os criterios de estabilidade orzamentaria, presentando un superávit estrutural nas súas liquidacións dende 2014.

Na ronda de preguntas, interesa Jesús Graña se hai garantía suficiente dos ingresos procedentes do Plan de financiación, tendo en conta que aínda non foi publicado. Tanto o vicerreitor como o director de Administración, Rodrigo Cerviño, responden con rotundidade que as aportacións están definidas e concedidas definitivamente. Jesús Graña pregunta se no capítulo VI hai algunha actuación inmobiliaria prevista, ao que Rodrigo Cerviño contesta que esencialmente trátase de infraestruturas e equipamentos científicos, e en algún caso reparación. Respecto á consulta de por que as facturas susceptibles de pasar polo control interno obrigatoriamente se elevan de 12.000 a 15.000 euros, o director de Administración aclara que xa se aplicou no orzamento de 2021 e que se está a cumprir con todo o



establecido polo Consello de Contas en canto ás normas de execución orzamentaria, engadindo a modo de exemplo que a UVigo é a única universidade galega que a partir de 1.000 euros pide tres ofertas para calquera gasto.

- ***A Comisión ACORDA elevar informe favorablemente ao Pleno.***

*(Auséntase o presidente para asistir á entrega do Premio Consello Social\_UVigoHumana, que principia neste intre).*

#### **PUNTO 5**

*Informe sobre a proposta de eliminación do prezo público por anulación de matrícula en titulacións oficiais da UVigo (Comisión Económica do Consello Social do 23.06.2021).*

Presentado o informe, que firma a xefa do Servizo de Axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos, Emilio Zunzunegui e Jesús Graña concordan en que non parece suficiente porque non xustifica a medida nin da solucións alternativas. Antonio Macho matiza que unha cousa é o cobro e outra a anulación da matrícula. Tras un debate infrutuoso sobre posibles solución aplicables, e tras informar o director de Administración que resulta máis custosa a xestión que a exención dado o baixo volume económico que representa (arredor de 650 €), conveñen os asistentes en aceptar o informe, deixando constancia Jesús Graña que non se trata de actuar sobre un importe máis ou menos elevado, senón de cumprimento normativo. O secretario suxire que se manteña a atención sobre esta exención por se se produciran incidencias ou variacións na contía que fixeran necesaria unha intervención.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 6**

*Avance do Orzamento do Consello Social para 2022.*

Intervén o secretario para expoñer as principais liñas do orzamento e resumir as indicacións, variacións e datos recollidos no informe elaborado pola Secretaría, que se atopa entre a documentación entregada.

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 7**

*Informe sobre a Oferta de Emprego Público do PAS da UVigo para o ano 2021.*

Toma a palabra a xerente, Raquel M<sup>a</sup> Souto, para informar que este punto xa pasou polo Consello de Goberno, onde foi aprobado. O secretario informa que ven ao Consello Social polo impacto que puidera ter no orzamento da UVigo. A xerente explica a normativa legal na que se ampara e dá conta das negociación cos órganos de representación do PAS para propoñer a oferta consistente nun total de 82 prazas (12 prazas para reposición de efectivos, 11 prazas por promoción interna, 1 praza para persoal declarado indefinido non fixo e 58 prazas para estabilización de emprego). Achégase para a sesión a autorización da Consellería de Facenda e Administración Pública para ofertar as prazas, na que se indica que non implica incremento de custo, porque serán destinadas á cobertura definitiva de vacantes ocupadas, e que non supera o límite de masa salarial establecido.

- ***A Comisión amosa a súa conformidade.***

#### **PUNTOS 8 e 9**

*Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns ás tres universidades", recibida en Pleno de 29 de xullo de 2021.*

*Informe de seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado".*



Propón o secretario abordar os dous puntos de forma conxunta por canto en ningún dos dous casos é posible abordar o seu seguimento; no primeiro dos casos por non estar aínda constituído o Consorcio e por non ter feito ningunha compra conxunta, tal e como sinala a xerente; e no segundo por non terse creado ningunha spin-off dende que se emitiu o informe, consonte informa a Oficina de I+D (OTRI). Indica Ignacio Rodríguez que os dous puntos quedan pendentes de volver a unha próxima Comisión.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 10**

*Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos para investigación ao grupo COM da Universidade de Vigo.*

Dá conta Raquel M<sup>a</sup> Souto das principais cláusulas recollidas no contrato firmado pola Xerencia e polo autor da doazón, entre elas que a cesión prodúcese por catro anos e de xeito gratuito, e que os equipos non teñen gastos de mantemento, sendo os gastos de reparación e actualización por conta do investigador responsable.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

#### **PUNTO 11**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo nos meses de outubro e novembro de 2021.*

De cara aos novos membros incorporados á Comisión, explica o secretario as circunstancias, competencias e interese que concorren neste punto.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 12**

*Rogos e preguntas*

Pecha a sesión o secretario referindo que en anteriores situacións homólogas os presidentes da Comisión acostumaban a rematar deixando constancia da felicitación ao equipo de goberno polas decisións económicas e laborais adoptadas, asemade de polo clima de consenso acadado na UVigo. Emilio Zunzunegui pide que, nesta ocasión, a Comisión no seu conxunto se pronuncie nese senso, no que conveñen os asistentes por unanimidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:35 horas do 20 de decembro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias